



Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673618911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

ENRIQUE ARAUJO MARTINEZ en calidade de representante do Sindicato de Taballadores da Administración de Xustiza (STAJ).

Fai pouco mais dun ano que se consolidaron os reforzos que levaban moito tempo a traballar nas Fiscalías de Galicia, desde entón se ampliaron as plantillas das Fiscalías no mesmo número de persoas que reforzos existían naquelas oficinas.

Cando se crearon esas novas prazas e se cubriron por persoal funcionario titular, nas Fiscalías de toda Galicia, **era xa necesario ampliar de novo a súas plantillas, pois os reforzos consolidados xa non eran suficientes para afrontar, de maneira eficiente e rápida, a carga de traballo que soportan estas oficinas fiscais.**

Non imos a reproducir aquí as estatísticas dos últimos trimestres da Fiscalías de Galicia, porque a esa Dirección Xeral xa lles consta, pero si se examinan polo miúdo esas estatísticas, a ninguén se lle escapa que a carga de traballo aumentou de maneira desorbitada, tanto en asuntos tanto penais, como civís e tamén no relativo a expedientes de menores, este aumeno do traballo está a producir un retraso no trámite, que perxudica ós administrados, que ven como o seu asuntos se retrasan semanas e semanas, pese a grande esforzo non recoñecido, dos funcionarios que traballan nas oficinas fiscais de Galicia.

É urxente a dotación de máis persoal nas Sección Civís, que son as máis atascadas, e dentro destas as áreas de Incapacidades as que máis, pero necesítase tamén persoal para a Sección Penal e para a Fiscalía de Menores, donde o aumento da entrada de asuntos fai imposible levar ó día os expedientes, e donde os funcionarios se ven sobrepasados pese o seu esforzo diario.

Creemos que este déficit de persoal é de carácter estrutural, que se vai a necesitar máis persoal sempre, non só nun momento determinado ou durante un periodo de tempo, este aumento da carga de traballo é imparable, o que se lle une que como consecuencia da posta en funcionamento da nova oficina fiscal, dúas persoas deixaron de facer o seu traballo tramitando determinados expedientes e agora se ocupan unha da Coordinación e outra é a responsable da Estatística, Rexistro e Calidade, pasando ao resto do persoal o traballo que estas dúas persoas desenrolaban na tramitación de expedientes.

Por suposto que imos a falar de LEXNET, como non, esa ferramenta que ía facilitar o traballo e que nos ía aforrar moito tempo, estase a converter no pesadelo dos funcionarios, por o seu mal funcionamento e o seu mal diseño, o que está a producir que o persoal lle dedique un montón de tempo e que antes dedicaba a outras cousas.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 22/03/2017 12:20:48

ENTRADA 34456 / RX 727635



Staj, Sindicato de Trabaxadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato Independiente y Específico de la Administración de Justicia





Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673618911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

En tódolas Fiscalías hai problemas con LEXNET, na maioría dos casos as notificacións que se reciben de todo os Xulgados chéganlles todas mesturadas a unha pantalla que imos chamar xeral, a única selección que LEXNET lles fai das notificacións é por data de chegada, e iso non lles axuda nada, posto que de igual modo teñen que abrir todo, pois LEXNET non permite discriminar a importancia das notificacións, é dicir, non saben se son señalamientos, se son para informar ou se son de mero trámite ou coñecemento. Para acceder ao contido de cada notificación primeiro teñen que verificala, logo asinala e finalmente, aceptala e abrir o contido que xa asinaron sen coñecer. Logo deben imprimilo todo (dá igual o que sexa) porque o Fiscal non ten visor e hai que levarlle todo impreso iso implica que, despois de fotocopiar deben buscar o expediente, unilo e pasalo ao Fiscal.

Cada notificación que adxunta documentos acompáñase dunha cor, se é vermello non hai problema, porque significa que só hai un documento (que pode ser pequeno ou de infinitas follas) pero se é de cor azul, hai que abrir varios anexos cos documentos que sexan, chegando a tardar este proceso para un só asunto máis de media hora. Cando abren un documento e logo volven á listaxe xeral, a aplicación sempre lles remíte ao principio da páxina, tendo que volver buscar de un en un ata chegar ao lugar desde o cal deben seguir comprobando as notificacións, ao longo da mañá, nunca poden dar por finalizado o tema das notificacións por lexnet, xa que os xulgados llas están enviando continuamente ao longo de toda a mañá e isto impídelles xestionar o seu propio traballo.

Debemos ter en conta que no Decreto que regula o Nova Oficina Fiscal en Galicia, Decreto que foi elaborado por esa Dirección Xeral, se considera como ideal, para un mellor funcionamento das Fiscalías, a ratio de un funcionario/ un fiscal, ratio que en ningunha Fiscalía se cumpre e que consideramos na actualidade insuficiente, debendo aumentarse esa ratio polo menos no 20%.

Insistimos no carácter estrutural da falta de persoal, e non nos conformamos con que se nombren reforzos durante un periodo de tempo, que tal como se vai regular na nova normativa de interinos non poderían durar máis de tres anos, por iso consideramos que se deben de crear prazas que aumenten a plantilla das Fiscalías, prazas que sexan ofertadas, unha vez creadas, a persoal titular no concurso que ven, e mentras ese concurso non se resolve se cubran provisionalmente mediante comisions de servizos ou substitución.

Lembremos a promesa do Director Xeral de Xustiza cando con motivo da amortización de 106 prazas en determinados Xulgados de Paz, nas Audiencias Provinciais, e noutros órganos xudiciais de Galicia, **dixo que esas prazas amortizadas non se perderían e que se crearían outras tantas noutros órganos e oficinas xudiciais de Galicia, e sobre todo nas Fiscalías.**

O chamamento de reforzos non soluciona de xeito definitivo o problema, aínda que podíamolo aceptalo provisionalmente si o proceso de creación de novas prazas se demorase máis aló da convocatoria do concurso de traslado deste ano,





Sindicato de
Traballadores da
Administración de
Xustiza

Sindicato independente específico
SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**
Ferrol (María) **658.615.515**
Santiago (María José) **673618911**
Pontevedra (Kike) **605.128.068**
Lugo (José Luis) **649.778.142**
Ourense (Conchi) **655.805.810**
e-mail: stajgalicia@gmail.com

pero unha vez rematado o proceso de creación débense cubrir por funcionarios titulares de xeito definitivo.

Problema particular é o que están a sufrir na fiscalía de Santiago, por contar nada máis que cunha persoa do Corpo de Auxilio, persoa que de ordinario non pode asumir o traballo que se xenera nesa oficina, e que se agrava cando esta persoa colle vacacións e outros permisos e licencias.

Tamén na Coruña, dentro de pouco vaise producir unha situación difícil de solucionar non sendo co nombramento de máis persoal de Auxilio, refírome en concreto ao traslado diario de expedientes entre a nova ubicación da Fiscalía Provincial na Fabrica de Tabacos, e a sede dos Xulgados de Instrucción e do Penal, -que aínda que se contratase unha empresa para levar expedientes dun lado a outro-, sempre haberá que ter en conta a extrema urxencia con que se deben trasladar determinados expedientes, como causas con preso, violencia de xénero, etc.

En base a todo o anterior, SOLICITO que de xeito urxente se aumenten a plantilla da Fiscalía de Pontevedra, a de Vigo e a de A Coruña en 3 funcionarios, a de Santiago, Ferrol e Ourense en dous e a de Lugo nun funcionario, todos do Corpo de Tramitación, por tratarse dun déficit de persoal de carácter estrutural, e polo tanto se creen 16 prazas do Corpo de Tramitación para que se poidan ofrecer non concurso de traslados deste ano, e mentras non se resolve o concurso se cubran por titulares mediante Comision de Servicio ou Substitución.

Ademais na Fiscalía de Santiago se amplie a súa plantilla nunha praza do Corpo de Auxilio, pois solo conta cunha praza desta natureza, sendo a todas luces insuficiente.

Tamén débese dotar á Fiscalía Provincial de A Coruña de dúas persoas máis do Corpo de Auxilio- a maiores dos tramitadores- para, no seu caso, o traslado de expedientes diario entre a nova sede da Fiscalía e os Xulgados de Instrucción e do Penal.

Sí o tramite pertinente para a creación desas prazas, se alongase mais alo da data de convocatoria do concurso de traslado, SOLICITAMOS que de xeito provisional se nombren reforzos, ata que se creen esa prazas e se cubran de maneira definitiva por persoal titular.

Pontevedra a 9 de marzo de 2017



Sindicato de Traballadores de
la Administración de Justicia

DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA.- Rúa de Madrid 2-4. SANTIAGO DE COMPOSTELA



Staj, Sindicato de Traballadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato **Independiente** y **Específico** de la Administración de Justicia

